# Parlamento das Letras: Marica Campo

Publicado o 01/08/2012

*Marica Campo é dona desa secreta alquimia que irmanda a marabilla co real na máis feraz literatura. Saben diso os seus magníficos relatos de* Confusión e morte de María Balteira *(1996) e aínda moitas das súas pezas infantoxuvenís como, poño por caso,* O Premexentes non pode cos paxaros rebezos *(1984).*

*Voz da Terra, telúrico son, a súa é unha poética de lar matricial na que a figura da nai —e a Tradición, a cadea de mulleres que foron e van sendo e na que unha se insire— é referencial, tamén si o amor, a beleza, a paixón pola vida e o barco do tempo no que navegamos coa palabra. Testemuñan o que digo o compilatorio* Tras as portas do rostro *(1992), mesmo* Pedinche a luz prestada *(2001) e, con formulística clásica, o seu máis recente* Sextinario *(2007).*

*Ensaísta comprometida, a súa sinatura figura en numerosas revistas e xornais do país, nos que se ten ocupado de cuestións literarias e sociais e, por suposto, ten achegado valiosas colaboracións poéticas e narrativas.*

*Toda a maxia do Crispín do Mao, do Xoel voador e da Xoana rememorada é convocada neste parladoiro de ausencias e presenzas, un verdadeiro abracadabra co que franquear o paso ao reino de saber que leva cosido nas pregas da ánima a escritora do Incio.*

**—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?**

Empecei a escribir en castelán e publiquei dous relatos breves nunha revista de mestres de Madrid que se chamaba *Contacto y acción*. Despois, xa nunha práctica monolingüe a todos os niveis, algún poema en *Dorna*. Anos despois, coido que no 1987, saíu nos Cadernos da Escola Dramática unha peza de teatro que escribira a raíz do 23F, *O Premexentes non pode cos paxaros rebezos.* Levara unha Mención de Honor no Facho e xa fora representada en moitos lugares. En 1992 Baía Edicións editoume *Tras as portas do rostro*, o meu primeiro libro de poesía, unha pequena antoloxía. Foi a insistencia de Pilar Pallarés, Carme Cociña e Bernardo Penabade a que me impulsou a dar o paso.

**—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

A mellor tratada foi, seguramente, *Confusión e morte de María Balteira.* Porén, non teño queixa de ningunha. Todas recibiron críticas moi xenerosas. Aínda así, se teño que me referir a algún título, diría *Onde houbo lume.* Quizais non teña os méritos da outra. Mais estou contenta de tela

escrito, porque rescatei historias emparentadas coa miña memoria que, doutro xeito, ficarían no esquecemento.

**—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Preciso estar soa e con frecuencia escoito música que inclúa o violonchelo. Mischa Maisky ou Jacqueline du Pré preferentemente.

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

Eu non teño xeración. Non son unha escritora serodia, porque escribo desde sempre; mais como fun remisa a publicar, non coincido en idade cos que o fixeron polos mesmos anos ca min. Así que non sei onde cadraría ben.

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?**

O xa amentado carácter de escritora serodia e o cultivo de xéneros diversos. Tamén a brevidade. Endexamais penso en textos de gran formato, non sei se por preguiza, por primar a intensidade sobre a extensión ou por consideración cos posíbeis lectores e lectoras. Pouco obsesionada polas modas e si moito polo cultivo da lingua en que escribo.

**—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Son moitas e variadas. Os clásicos, tanto galegos como de fóra. Rosalía é un descubrimento que non cesa. Os galegos e galegas actuais que me interesan. Gustei moito de García Márquez até que publicou *Memoria de mis putas tristes*. Ese xa non o quixen ler para non lle perder a devoción. Regreso moitas veces a *A poética do espazo* de Gaston Bachelard e a case todos os seus ensaios. Podería seguir… En todo caso, son unha lectora bastante anárquica.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lles sobra definitivamente?**

Fáltalle promoción de autores e autoras que están á altura dos poucos que teñen unha proxección alén das nosas fronteiras. Sóbranlle capelas canonizadoras dalgúns e que sentencian a outros ao esquecemento. Prexuízos, en resumo. Non falo desde ningún resentimento, porque non é o meu caso.

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Un poemario que me tirase a fama de escritora formal, ligada ás formas clásicas. O curioso é que teño moitos máis poemas así que sonetos ou sextinas, mais ao estaren os últimos libros de poesía que publiquei neses formatos, prodúcese o equívoco.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

Sempre hai que aspirar a máis, pero se temos en conta o estado da nosa lingua, non hai moito máis que lle pedir. Teño a sensación de que as nosas escritoras e escritores son como os artistas que fan, por exemplo, esculturas en xeo, na chamada arte efémera. Derrétense antes de chegar aos seus lexítimos receptores, os galegos e galegas que non len ou, se o fan, fano maioritariamente en castelán. Quero dicir que nun pobo cunha lingua non normalizada, escribir é heroico e puro amor ao oficio.